

Acta da Comisión de Calidade, 2 de outubro de 2020

Acta da Comisión de Calidade que tivo lugar o día 2 de outubro de 2020 ás 11:30 horas no Salón de Graos do Campus Remoto, en segunda convocatoria coa asistencia dos membros abaixo indicados [1] e coa seguinte orde do día:

ORDE do DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do coordinador de Calidade.
3. Validación, se procede, dos seguintes procedementos:
 - a. Información Pública e Rendemento de Contas DO-0301.
 - b. Medición da Satisfacción dos Grupos de Interese MC-05.
4. Validación, se procede, do procedemento de control da docencia.
5. Rogos e preguntas.

Comeza a sesión ás 11:30, seguindo a orde do día.

1. Apróbase.
2. Informe do coordinador de Calidade.
 - a. O coordinador, Ezequiel Rey, informa os asistentes do proceso de acreditación de MUNEAE que tivo lugar o 1 de outubro de xeito telemático. Ezequiel Rey e o resto de membros da comisión de calidade amosan o seu agradecemento á coordinadora de MUNEAE, Ángeles Conde, polo seu traballo na elaboración do autoinforme de

[1] José Luis García Soidán, Ezequiel Rey Eiras, Vicente Romo Pérez, Uxío Pérez Rodríguez, Águeda Guitiérrez Sánchez, María Álvarez Lires, Salvador Guillermo González González, Eulalia Agrelo Costas, Oscar García García, Ángeles Conde Rodríguez, M^a Ángeles Fernández Villarino.

- acreditación, as propostas de mellora do título e a xestión das audiencias celebradas no proceso de acreditación.
- b. A coordinadora de MUNEAE, Ángeles Conde, valora positivamente as audiencias de acreditación do máster así coma tamén o informe oral emitido pola comisión de avaliación da ACSUG.
3. Valídanse por asentimento os procedementos DO-0301 e o MC-05. O coordinador de calidade informa das novidades e modificacións de ambos dous procedementos, que suponen unha revisión dos anteriores procedementos. Coma novidade o DO-0301 incorpora un *check list* coa información pública mínima que os centros e titulacións deben publicar.
 4. Valídase por asentimento o procedemento para o control da docecia que se fará de maneira telemática mediante un formulario que o profesorado pode asinar na súa secretaría virtual. Dito formulario recolle a titulación, asignatura e data e horario das sesións impartidas. Deberá ser cuberto por cada profesor como límite cada fin de semana tras a impartición da docencia. O secretario Oscar García e o Vicedecano Uxío Pérez indican a pertinencia de incluír no dito procedemento ós títulos de mestrado.
 5. Non hai.

Remata a sesión as 12:05.

Vº e Prace.

En Pontevedra, 2 de outubro de 2020.

Secretario Accidental da Comisión	Presidente da Comisión
Pérez Rodríguez, Uxío	Rey Eiras, Ezequiel.

[1] José Luis García Soidán, Ezequiel Rey Eiras, Vicente Romo Pérez, Uxío Pérez Rodríguez, Águeda Guitiérrez Sánchez, María Álvarez Lires, Salvador Guillermo González González, Eulalia Agrelo Costas, Oscar García García, Ángeles Conde Rodríguez, Mª Ángeles Fernández Villarino.